

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FACULTADE DE FILOSOFÍA E LETRAS DA UNIVERSIDADE DE BUENOS AIRES PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A PROMOCIÓN DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

Cidade:

Data:

REUNIDOS:

⑩ José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73, do 14 de abril), que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

⑩ Ricardo Manetti, decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires, en nome e representación da devandita facultade.

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en diante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, consellería), promove o ensino da lingua, literatura e cultura galegas, como trazo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade deriva da conxunción do seu obxecto e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

2. A Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires (en diante, facultade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial e o único que dispón no devandito ámbito da infraestrutura material e persoaal adecuada para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.

3. A universidade, que declara que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 2000, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino, da investigación e da promoción da lingua, literatura e cultura galegas aos plans de estudo da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, non só no eido académico da facultade, senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

Consonte o sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrencia pública, xa que a facultade é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial

e, ademais, a sinatura do convenio atópase dentro da Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración para subscribir pola Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega, elaborada pola devandita secretaría xeral o 23 de abril de 2024.

Segundo. Compromisos da universidade

- A) Darlle continuidade ao ensino da lingua, literatura e cultura galegas, a través do Centro de Estudos Galegos denominado Cátedra Libre de Extensión Alfonso Rodríguez Castelao (en adiante, cátedra), ata o de agora dependente da Secretaría de Extensión Universitaria da Facultade de Filosofía e Letras, que garante os espazos e as instalacións necesarias para desenvolver as funcións.
- B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, promoción e difusión da lingua, literatura e cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empreguen para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio, deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos no devandito convenio. Neste último caso, a facultade deberá remitirle á consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en adiante, SXL), unha decena de exemplares.

- C) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A) e B) deste acordo segundo.

A persoa responsable da cátedra incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

- D) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoña expresamente á devandita consulta.

Terceiro. Compromisos da consellería

A consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires na realización das accións previstas neste convenio, coas seguintes actuacións:

- A) Prestaralle a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A) do acordo anterior.
- B) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B) do acordo anterior.
- C) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola facultade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, de notas de prensa e de calquera outra que se considere adecuada á actividade desenvolvida.

Cuarto. Financiamento

A consellería, a través da SXL, para financiar os gastos que se deriven da execución das accións establecidas nas liñas A, B e D do acordo segundo, colaborará cunha achega económica máxima de doce mil euros (12.000 €), con cargo á partida orzamentaria 43.02.151A.790.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- 10 2024: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)
- 10 2025: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)
- 10 2026: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)

O libramento destes importes a favor da universidade poderase realizar ben nunha soa entrega en cada anualidade, despois de presentar a documentación requirida para efectuar os pagos anuais e final, ben a través do seguinte procedemento:

-Un anticipo, equivalente ao 50 % da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Que o convenio estea asinado e en vigor.
- Que a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á consellería, a través da SXL, unha programación que conte coa conformidade desta e coas actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada polo seu responsable .

Os pagos anticipados das anualidades 2025 e 2026 soamente poderán ter lugar logo da completa xustificación pola entidade beneficiaria das anualidades precedentes.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, a universidade queda exonerada da constitución de garantía para os efectos dos anticipos e dos pagos a conta.

-Un pago a conta polo restante 50 %, unha vez que a universidade lle remita á consellería, a través da SXL, coa data límite do 20 de decembro dos anos 2024 e 2025, a seguinte documentación :

- A conta xustificativa a que se refire o acordo quinto.
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

-Un pago final correspondente ao ano 2026. A presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de decembro.

Quinto. Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente no Cartafol do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.es/cartafol-do-cidadan>).

Antes do final de cada unha das anualidades, e coa data límite do 20 de decembro, a persoa designada pola facultade para tal fin remitirlle á consellería, a través da SXL, a conta xustificativa simplificada a que se refire o artigo 51 do Decreto 11/2009, que estará integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio e que abarcará o período correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso e ha de estar asinado pola persoa designada pola facultade para tal fin e pola persoa que ocupe a Secretaría de Extensión Universitaria e Benestar Estudantil da facultade.
- Unha certificación expedida pola persoa responsable do Centro de Estudos Galegos ou pola persoa titular do

órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da subvención na realización destas accións e o pago efectivo dos devanditos investimentos. Esta certificación, de non estar redactada en galego ou en castelán, deberá ir acompañada da tradución a unha destas dúas linguas, preferentemente á galega.

Ademais, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención previsto neste convenio.
- Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o acordo décimo segundo.
- Unha relación clasificada dos gastos e dos investimentos, que debe incluír: a identificación da persoa acreedora, o documento xustificativo do gasto e o seu importe e a data de emisión e de pago.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos etc.) e dos pagos.

Se por calquera circunstancia a universidade incumpre o deber de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixírase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Con todo, se a cantidade xustificada é inferior á subvención establecida no convenio, a consellería, a través da SXL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de maneira que, por si só ou, se procede, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

Sexto. Centro de Estudos Galegos Cátedra Alfonso Rodríguez Castelao

Dentro da universidade, o Centro de Estudos Galegos, Cátedra Alfonso Rodríguez Castelao, encadrado na Secretaría de Extensión Universitaria e Benestar Estudantil como un centro virtual, será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable deste figurará a persoa que ocupe a Secretaría de Extensión Universitaria e Benestar Estudantil ou a persoa designada para tal fin, dada a súa vinculación coa facultade, que actuará de enlace entre esta e a consellería, a través da SXL. A persoa designada será proposta pola facultade, e a SXL poderá dar a súa conformidade ou propoñer outra persoa no caso de que o considere oportuno. Por outra banda, responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, estean a producirse.

Se por calquera causa fose preciso substituír a persoa responsable do centro, a universidade propoñeralle á consellería, a través da SXL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, e esta comunicarlle a súa conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo. Control

Os servizos técnicos da consellería, a través da SXL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determine a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a idónea xustificación desta. En caso de que aprecien incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. No caso de que a facultade non corrixa os defectos sinalados, considerarase que se produciu un incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante unha comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A consellería, a través da SXL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a facultade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas. No cumprimento desta disposición, as partes proceden respectando as normas da

Unión Europea relativas á publicidade de datos de interese público e á protección de datos persoais.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar, se procede, á modificación do convenio.

7.1 Coordinadores académicos do convenios

Cada unha das partes asinantes deste convenio poderá nomear no seu seo a unha ou varias persoas encargadas da realización e seguimento das actividades previstas obxecto do convenio.

A Facultade de Filosofía e Letras (FFyL) designa a: Dra. Andrea Cobas Carral, Xefa de traballos prácticos na Cátedra de Literatura Latinoamericana Contemporánea, FFyL, UBA (acobascarral@gmail.com) e Dr. Ruy Gonzalo Farías, profesor adxunto nas materias de Historia de España e Historia de Europa Contemporánea, Licenciatura en Historia, Escuela de Humanidades, Universidad Nacional de San Martín (ruygonzalofarias@yahoo.com.ar)

Oitavo. Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31/12/2026. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de xaneiro de 2024 e non é posible a súa prórroga.

Noveno. Causas de resolución e modificación

9.1 Causas de resolución

O convenio resolverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Polo mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por calquera causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por algunha causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar cumprindo co convenio.

En calquera caso, excepto no suposto do mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe estar precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada polo menos cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a consellería, a través da SXL, esixirá, se é o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e os correspondentes xuros.

De resolverse o convenio por culpa atribuíble á universidade, a consellería, a través da SXL, esixirá, se procede, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e os correspondentes xuros. Con todo, se o convenio se resolve por culpa atribuíble á SXL, a universidade percibirá desta, se procede, as cantidades correspondentes aos compromisos levados a cabo pola devandita universidade ata o momento da resolución do convenio, conforme ao establecido no acordo segundo.

9.2 Causas de modificación

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Décimo. Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian

desenvolver as accións previstas nel e a Xunta de Galicia, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro. Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da consellería, nomeados polo seu titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da facultade, nomeados polo decano. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa a que resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo segundo. Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Porén, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvencións percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

A existencia deste convenio non limita o dereito das partes a formalizar convenios semellantes con outras institucións.

O importe da subvención non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio supoñerá o consentimento expreso por parte da facultade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A universidade deberá cumprir coas obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ao asinaren este convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que aparezan nel poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

Décimo cuarto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 6 de decembro de 2018) e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de maneira adecuada, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigo 2 a) e b) e artigo 7 alíneas 1 e 2, respectivamente, da devandita lei].

Décimo sexto. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, as persoas que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as empregadas e empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregada ou empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétimo. Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable a este convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da 38/2003; Decreto Lei lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta, expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público .

Para o cumprimento das accións acordadas neste convenio, a facultade respectará en todo momento a lexislación nacional arxentina aplicable.

Décimo oitava. Confidencialidade

Ambas as partes acordarán os límites de confidencialidade nos convenios específicos que poidan xerarse no marco deste convenio. Así mesmo, no suposto de que polo vínculo establecido se intercambie información cualificada, as partes comprométese a non difundir e a gardar reserva dos aspectos metodolóxicos e científicos que as partes sinalen como confidenciais, durante a vixencia do convenio.

Décimo novena. Individualidade e autonomía

Este convenio non implica ningún outro vínculo entre as partes que os dereitos e obrigas comprendidos nel, de xeito que as

partes manteñen a súa individualidade e autonomía.

Vixésimo . Uso de logos

En calquera actividade que se vaia desenvolver no marco deste convenio e/ou dos seus respectivos acordos específicos, e cando iso resulte pertinente, utilizarase o logo e/ou isotipo de ambas as institucións, de acordo coa súas normativas.

Vixésimo primeiro. Domicilio legal

A Universidade de Buenos Aires ten o seu domicilio na rúa Viamonte 430, planta baixa, da Cidade Autónoma de Buenos Aires, Dirección de Mesa de Entradas, Saídas e Arquivo do Reitorado e Consello Superior, onde serán válidas todas as notificacións xudiciais e administrativas relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (España) está domiciliada no Edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela (España).

Vixésimo segundo. Sinatura

Ambas as partes manifestan estaren de acordo e asinan catro exemplares deste convenio, dous en idioma galego e dous en idioma castelán, todos eles con idéntica validez, no lugar e data recollidos ao comezo.



O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José López Campos

O DECANO
FACULTADE DE FILOSOFÍA E LETRAS
DA UNIVERSIDADE DE BUENOS AIRES
RICARDO MANETTI



Copia Digitalizada

Hoja Adicional de Firmas

1821 Universidad de Buenos Aires

Número:

Referencia: Convenio FFYL-XuntaGalicia GALL

El documento fue importado por el sistema GEDO con un total de 8 pagina/s.